

MESA SECT R



CURSO 2009/2010

Nº 5: RESUMO DA MESA DO 23/02/10

1º PROXECTO DE DECRETO, POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN XERAL DA FORMACIÓN PROFESIONAL DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

ANPE critica que o documento se enviou con moi pouco tempo para facer unha análise convintemente.

Entre os aspectos positivos, destacamos a pretensión de promover a igualdade de oportunidades no acceso á formación de persoas e grupos con menor cualificación e maiores dificultades de inserción sociolaboral, facendo da formación profesional un instrumento de cohesión social. Así mesmo, o sistema educativo favorecerá a matriculación parcial en ciclos formativos ós traballadores, tanto para mellorar a súa cualificación profesional en aspectos concretos como para facilitar a obtención da titulación correspondente. Esta medida posibilitará o acceso ás ensinanzas profesionais de gran parte dos traballadores.

- **Na introducción** e no resto do documento botamos en falta a palabra EUROPA, debería aparecer reflectido dentro dun capítulo que faga referencia a liñas estratéxicas da FP.
- **No capítulo I** debería recollerse un artigo que fixera referencia ós obxectivos fundamentais da FP en Galicia no cal deberían recollerse entre outros:
 1. Responder ás necesidades formativas e profesionais dos diferentes sectores productivos de Galicia.
 2. Favorecer a adecuación destas ensinanzas ó marco europeo.
 3. Promover a modernización do sistema en canto a recursos didácticos, materiais e humanos adaptándoos ás necesidades dos sectores productivos.
 4. Promover a cultura da mellora continua nas ensinanzas de FP en consonancia cos sistemas de calidade que se implanten tanto no ámbito europeo como estatal.
 5. Fomentar o desenvolvemento de actividades laborais en condicións de seguridade e saúde, aplicando as medidas preventivas oportunas.

- **No artigo 2º** deberíanse establecer os principios do modelo de FP en Galicia:

Estos principios deberían ser recollidos nun capítulo aparte con artigos referentes a: Información e orientación laboral, Prevención de riscos e xestión medioambiental, Innovación e Dimensión internacional como anticipamos ó principio da exposición no que se faría referencia ós seguintes obxectivos:

- *A cooperación europea*, que debe ter como eixe vertebrador o establecemento dun marco común de titulacións que favorezan a mobilidade dos cidadáns na formación e no sector laboral europeo con acreditacións intercambiabes.
- Os centros de formación profesional deben *aproveitar ó máximo o espacio aberto europeo* de educación e formación no ámbito da mobilidade do profesorado e dos estudantes entre os países membros. Hoxe non é posible desenrolar a súa actividade académica á marxe desta realidade de convivencia e de intercambio entre estudantes.

- **No artº 13º** referido ó Módulo de empresa e iniciativa emprendedora supoñemos que é diferente ó Módulo de entorno nos equipos de traballo porque se non é así habería que sacar horas de outros módulos asociados ás unidades de competencia.

- **No capítulo IV, no artº 15** Cabería a posibilidade de promover programas para que o alumnado poida realizar este módulo profesional en centros de traballo noutro país: por ex. Portugal ou Francia.

- Debería recollerse un artigo específico para tratar PREVENCIÓN DE RISCOS E XESTION MEDIOAMBIENTAL. Hai que potenciar a cultura da prevención e das boas prácticas de xestión medioambiental con implicación de alumnos, e colaboración de empresas. (Na práctica sabemos que hai moito que mellorar neste senso na nosa Comunidade xa que hai grandes diferenzas entre os centros e para eso está o Plan de riscos; sabemos que fai falla aumentar os centros avaliados, no curso pasado non chegamos a 50 en todas as ensinanzas).

Vemos ben o artº 16 referente a linguas estranxeiras pero botamos en falta referencias ó uso do galego neste artigo e noutros.

- **No capítulo V, no artº 23:** debe recollerse “só centros públicos”.

Para **ANPE** a integración dos subsistemas de formación profesional inicial e para o emprego, é a que permitirá que a formación superada nunha modalidade poida ser recoñecida pola outra, así como a propia experiencia profesional.

Preocúpanos o tema da optimización dos recursos. En Galicia, no momento actual, as ofertas formativas de un e outro subsistema de formación profesional (inicial e para o emprego) en ocasións solápanse e en outras deixan ofertas sen cubrir. Por todo isto, resulta imprescindible optimizar os

recursos nos dous subsistemas. As Consellerías de Educación e de Traballo teñen a obriga de entenderse á hora de organizar programas formativos con carácter profesionalizador porque isa é a única maneira de alcanzar os obxectivos compensadores que os lexitiman.

Dende **ANPE** demandamos, entre outras cousas:

- A creación en Galicia das estruturas de coordinación entre os dous subsistemas de formación profesional e institucións competentes na cualificación profesional.
- A promoción e establecemento de estruturas integradas comúns de formación continua do profesorado para a actualización de coñecementos.

- **No capítulo VI** botamos en falta un artigo adicado ós CRITERIOS DE IMPLANTACIÓN DA OFERTA.

- **No artigo 28º** debe especificarse o seguinte: “ *todos os centros públicos e autorizados que impartan as ensinanzas de formación profesional deberanse axustar ás condicións establecidas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación, no disposto na lei orgánica 8/1985 do 3 de julio reguladora do Dereito a educación e no RD 314/ 2006 do 17 de marzo polo que se aproba o Código técnico de edificación*”.

ANPE recórdalle á administración que ten a obriga de velar polo cumprimento do recollido nos apartados **b** e **d** en canto ás condición de traballo e equipamentos, xa que hai grandes diferencias entre centros, ademáis de graves deficiencias nestes aspectos, o que se corrobora nas inspeccións levadas a cabo polos equipos de prevención de riscos laborais.

No punto 5 referido a RATIOS: **ANPE** pide que se rebaixe a 25 e que se contemple a posibilidade de desdobres.

- **No artº 30º** non nos parece suficiente esta proposta xenérica, xa que un dos obxectivos do II Plan Galego de FP é o de “alcanzar unha formación de calidade”, obxectivo fundamental para nós, e, polo tanto pedimos:
 1. A implantación, con carácter xeral, dun sistema de xestión da calidade nos centros, entidades e institucións vinculadas á formación profesional (Incorporar sistemas de calidade, EFQM, de excelencia e ISO, como instrumento de mellora na xestión dos diferentes procesos).
 2. O establecemento de programas específicos de investigación e desenvolvemento para mellorar a calidade das ensinanzas profesionais.
 3. Un maior impulso do desenvolvemento tecnolóxico nos centros.

4. A colaboración da universidade no deseño e planificación das ensinanzas profesionais.

5. Mellorar a docencia, o proceso de aprendizaxe e as accións formativas así como, introducir sistemas de avaliación con criterios unificados co obxectivo de alcanzar altos niveis de excelencia.

- **No artº 31º** os profesionais deben ser “cualificados”.

- **No Capítulo VII** falta un artigo adicado á Formación permanente do profesorado ofertando Formadores de profesorado, estancias en empresas para favorecer non só a formación senón tamén a relación entre profesorado e empresa, e plans de formación nos que se inclúan linguas estranxeiras e novas tecnoloxías.

- **No Capítulo VIII, artº 33** os espazos parécennos reducidos, deberían aumentarse. **No artº 36** recoller acceso por curso ou proba.

- **Nos capítulos IX e X** defendemos a promoción da aprendizaxe ó longo da vida co obxectivo de mellorar coñecementos, competencias e aptitudes dos cidadáns en xeral e dos traballadores en particular. Dito esto:

No artº 41 hai que substituir o verbo “poder” por DEBE. Debería ser unha obriga a convocatoria de cursos de preparación da proba.

No artº 45º estamos dacordo coa eliminación de “exclusivamente” o expediente académico e se contemple a renda familiar alomenos en caso de empate.

No artº 58 reflíctese a excesiva burocratización á que están sometidos os centros e que se debe paliar dalgunha maneira como **ANPE** ven demandando dende fai tempo.

- **No Capítulo XIV, artº 59:** debería incluírse nun capítulo aparte como indicamos ó principio. En Galicia a información e orientación profesional é insuficiente. Por eso é urxente facer efectivo un sistema de información e orientación profesional transparente, para que todos -traballadores, empregadores, desempregados, alumnos, xovenes que abandoaron xa os seus estudos sen nengunha cualificación profesional e familias- coñezan as cualificacións profesionais que se requiren no mercado de traballo e nos centros nos que se imparte a formación correspondente, así como as oportunidades de emprego e a mobilidade profesional. Unha ferramenta de gran utilidade para o acceso á información e orientación profesional é a comunicación telemática on line e Internet. Pero para ofrecer unha atención eficaz ós usuarios haberá que mellorar considerablemente as infraestructuras, a formación de técnicos e os medios actuais.

Polo tanto, **dende ANPE demandamos:**

- A creación dun sistema integrado de información e orientación profesional en Galicia, xestionado polas administracións laboral e educativa, así como o reforzamento de políticas, sistemas e prácticas relacionadas coa información, orientación e asistencia ós cidadáns. *(O Real Decreto 1224/2007, de 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia profesional, prevé establecer unha Plataforma que permita cursar a formación profesional a distancia ou combinando actividades presenciais e a distancia, así como un sistema integrado de información e orientación profesional que contemple a colaboración e participación de todos os organismos e axentes implicados na orientación profesional).*
- O cumprimento dos obxectivos e medidas do Segundo Programa Nacional de FP en esta materia. É dicir:
 - Interconectar os servicios e institucións relacionados coa información e orientación profesional. (Particularmente dos dispositivos que implementen os procesos de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia).
 - Aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación. (Deseño e execución dun programa informático).
 - Actualizar os recursos humanos destinados ás funcións de información e orientación, co obxecto de mellorar a calidade do servicio. (Programa de formación e actualización de coñecementos e técnicas para os orientadores de ambos subsistemas de formación profesional).
 - Potenciar a colaboración con entidades colaboradoras e a igualdade de trato e oportunidades de todos os usuarios.
 - Manter unha liña de orientación dirixida a facilitar o acceso ó mercado de traballo.

- **Capítulo XI, artº 48.** En canto á avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais, debería especificarse no Decreto que ha de facerse de maneira idéntica e coordinada en todo o Estado, tomando como referencia o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Ata o de agora as probas realizadas en Galicia para a avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias, foron convocadas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da dirección Xeral de Formación e Colocación que xestiona o Instituto Galego das Cualificacións (Orden de 22 de setembro de 2006, Orden de 3 de outubro de 2007, Orden de 3 de novembro de 2008). Nestes procesos deben participar tamén a Consellería de Educación e Universidades.

En definitiva **ANPE pide** ás administracións educativa e laboral, ós axentes sociais e os organismos responsables da cualificación profesional de Galicia un esforzo en canto a:

- Incremento da oferta das ensinanzas profesionais, que debe ser áxil, renovada e flexible, aberta á cualificación e recualificación de toda a poboación.
- A adopción de medidas para a recuperación de xóvenes sen titulación para o sistema educativo.
- O establecemento dun mapa de centros de formación profesional elaborado polas administracións educativa e laboral.
- O desenrolo dun marco único e integrado para a transparencia de cualificacions e de adquisición, avaliación, recoñecemento e acreditación da competencia profesional.
- O fomento da aprendizaxe de idiomas a fin de incrementar dita mobilidade.
- A mellora da imaxen social da formación profesional para que estas ensinanzas sexan tan atractivas como as ensinanzas universitarias.

A administración respostou que estudara as propostas.

3º ROGOS E PREGUNTAS.

Remitímonos as plantexadas na anterior mesa sectorial:

1. Demandamos un calendario de negociacións.
2. ¿Para cando os ROCs? *Algún para a vindeira semana, aínda que non especificaron cales, dixemos que deben remitilos con tempo suficiente para un estudio exhaustivo.*
3. Convocatoria de oposicións. *Se nos di que sairán publicadas de maneira que se poida cumprir o requisito dos 6 meses para dereito a informe.*
4. Dende **ANPE** temos unha campaña en marcha a nivel estatal e galego esixindo a negociación para a Prórroga da xubilación voluntaria anticipada e queremos saber a postura da Consellería.
5. Para mellorar o sistema educativo é necesario reducir a burocracia nos centros por eso seguimos a pedir un administrativo en todos os centros educativos.
6. Gustaríanos ter información sobre a situación do Pacto pola educación.